

PROCESO PARA A SELECCIÓN DUN TÉCNICO/A DE XESTIÓN CONTABLE E ADMINISTRATIVA (2ª CONVOCATORIA) PARA PRESTAR SERVICIOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE MURAS PARA O PROGRAMA “DEPUEMPREGO” DENTRO DO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

NOTA DO TRIBUNAL

Reunido o Tribunal nomeado para a selección dun Técnico/a de Xestión Contable e Administrativa para prestar servizos como persoal laboral temporal no Concello de Muras, ás 10 horas do xoves 5 de abril de 2018, ao obxecto de constituírse, adopta entre outros, os seguintes acordos:

1º.- Realizar, a continuación da Proba de Coñecementos Xerais e Específicos, o mércores día 11 de abril de 2018, o resto das probas da fase de oposición, con motivo da urxencia da incorporación dos efectivos.

2º.- Para o desenvolvemento da Proba Práctica, os aspirantes poderán vir provistos de Textos Legais dos cales se poderán servir para o seu desenvolvemento.

Admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples sempre que non inclúan ningunha outra información, comentario doutrinal ou referencia xurisprudencial. Así mesmo, estará expresamente prohibida a utilización de libros de consulta, temarios, informes ou ditames de calquera tipo.

O manexo de textos normativos distintos dos permitidos determinará a expulsión do aspirante.

Lugo, a 5 de abril de 2018,

O Presidente do Tribunal,

Don Xesús Arrizado Yáñez.

